

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha valoración de discapacidade

Expediente: G.6.Q/2106/19

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] relativo ao retraso dunha valoración de discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que solicitou a valoración do grao de discapacidade e xa transcorreron seis meses, pero aínda non ten ningunha comunicación nin resposta á súa solicitude.

2. Ante iso requirimos informe a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinalase o seguinte:

“1. Con data 26/10/2018 [REDACTED] presenta no rexistro do Edificio Administrativo de Pontevedra solicitude inicial de valoración do grao de discapacidade. 2. Mecanizada a solicitude a nome de [REDACTED], con [REDACTED] a aplicación informática xera a seguinte codificación número de arquivo físico da súa documentación é o [REDACTED] e o número de expediente da súa solicitude inicial é o [REDACTED]. 3. Dende un criterio técnico, a equipo de valoración e orientación de discapacidade de Pontevedra cataloga o seu expediente como de natureza médica. Será preciso que... sexa entrevistada por dous profesionais: o traballador social (23 minutos de atención) e o médico (21 minutos de atención). 4. A persoa interesada non acredita de forma documental ningún motivo de urxencia na súa solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade. Desde un punto de vista médico nos informes presentados coa solicitude non se observa patoloxía que xustifique o adiantamento da súa cita. 5. Na solicitude tampouco se xustifica prioridade na valoración da discapacidade para as persoas incluídas nas seguintes patoloxías: ELA, as ataxias rapidamente progresivas, as distrofias musculares e escleroses múltiples de evolución rápida, as enfermidades metabólicas con trastornos motores, neoplasias en estadio IV.

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión cuxa iniciación debe seguir o rigoroso orde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o

procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Esta orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade. b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos. c) Menores de 18 anos. d) Maiores de 90 anos. e) Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo. f) Caducidade da valoración do grao de discapacidade. g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade.

O expediente atopase en fase de tramitación estando pendente de citar ó solicitante e dado o elevado número de solicitudes con criterio de urxencia, tanto de valoración inicial como de revisións, e o número de solicitudes ordinarias, cuxa tramitación debe seguir o rigoroso orde de entrada, estase producindo de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que esta atrasando os prazos nos que se citan ós usuarios e se notifican as resolucións, polo que non é posible establecer una data concreta para a súa citación, que será establecida segundo rigoroso orde de entrada das solicitudes da súa natureza.

Non obstante, estanse levando a cabo actuacións para corrixir esta situación e reducir os prazos de tramitación. A máis importante é a contratación proximamente de novos equipos de valoración.

Con estas medida concreta agardamos poder citar ao interesado para a valoración con anterioridade a previsión que hasta o momento se manexaba”.

ANÁLISE

1. Confírmase que o procedemento se atopa retrasado; iniciouse o 26/10/18 e aínda non se resolveu, e tampouco se sinala unha data aproximada de resolución. O expediente debería atoparse resolto no prazo regulamentariamente previsto, 3 meses.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes. Aprécianse numerosos atrasos nas tramitacións das valoracións, especialmente en algúns equipos, como os de Pontevedra, aos que se refire esta queixa.

3. A consellería sinalou en diferentes ocasións que reforzou o persoal dos equipos de valoración e creou 14 novos equipos; que mellorou a xestión das chamadas; que recoñece o 33% de xeito automático ás persoas con pensión de incapacidade permanente en grao total,

absoluta ou grande invalidez (recomendado por esta institución); que revisou o procedemento de valoración da discapacidade e simplificou as solicitudes; que utiliza a Historia Social Única Electrónica para facilitar a coordinación; e que da prioridade ás persoas con ELA (un mes) e a outras persoas con patoloxías de características semellantes, que cita na última resposta.

Engade que proximamente se levará a cabo a contratación de novos equipos de valoración, o que fai pensar que os reforzos anteriores foron temporais e que agora se volverán a facer en similares circunstancias que os anteriores.

4. A pesares das medidas adoptadas seguen a darse importantes retrasos que chegan ata non poder aportar una previsión de cita para valorar, como neste caso.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a Administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade do afectado, posto que se atopa retrasado; que con carácter xeral se executen as medidas anunciadas para resolver o importante retraso que se produce nas valoracións de discapacidade; e que compróbase que as medidas tiveron efecto e corruxiron a situación ata facer cumprir os prazos, e se dea conta deses resultados.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo